

O LIXO DENDE O TEU CONCELLO

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA
Serra do Barbanza

Fabricación con
residuos

Visita a
planta de
Lousame

Ambientalización
de festas

Residuos
na auga

Reciclaxe
de papel

Ecoaudioría de
residuos

Construcción dun
composteiro

COÑECE

CREA APRENDE
INVESTIGA DISFRUTA

Substituíndo
os tóxicos no
fogar

Os xogos
do lixo

Ánalse
da bolsa
do lixo

Obradoiro de
compostaxe

Residuos e
consumo



COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL
SERRA DO BARBANZA



ADEGA

Dende o programa "O lixo dende o teu concello" propóñense diferentes actividades de Educación Ambiental na Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza co obxectivo de fomentar a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos (os 3 Rs).

As actividades de educación ambiental consisten en charlas e obradoiros (60-90 minutos), que se adaptan a idade das persoas participantes.

As actividades son gratuítas e para todos os públicos.

Condicións para participar

Non esquezas que neste programa poden participar todas as entidades (asociación de veciñ@s, culturais, mulleres rurais, empresas, centros de ensino, comunidades de montes, etc) dos concellos de Ames, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Pontecesures, Porto do Son e Rois.

Non perdades esta oportunidade!

1 ECOAUDITORÍA DE RESIDUOS

Actividade participativa na que se inspecciona o edificio no ámbito do lixo. A actividade consta de dúas sesións:

- Xornada de investigación na que os/as participantes realizan unha inspección sobre a xestión de residuos no centro (2h).
- Xornada de presentación de resultados e procura de solución para mellorar a separación de residuos (1h).

Axuda a comprender dunha maneira práctica a correcta xestión dos residuos. Pensas que o teu centro pasará a proba?



2

RECICLAXE DE PAPEL

Cuns xornais vellos e auga, fábricase papel novo, demostrando que a reciclaxe é viable se colaboramos e separamos axeitadamente os residuos. No obradoiro faise fincapé da importancia da reciclaxe para os bosques, a auga e a enerxía.

¿Estades prepar@dos para comprobar o sinxelo que é?



3 FABRICACIÓN CON RESIDUOS

Actividade orientada para traballar o segundo dos 3 Rs a reutilización. Elaboranse obxectos útiles (ou xoguetes cos máis cativos) con residuos domésticos que ían acabar no lixo.

Neste obradoiro dásele unha segunda vida antes da súa reciclaxe.

¡Anímate a facer cousas fantásticas!



4 SUBSTITUÍNDOL TÓXICOS NO FOGAR

Na vida cotiá utilízanse moitos produtos para a limpeza sen saber realmente o que levan, con este obradoiro aprendemos a recoñecer os compoñentes tóxicos que presentan, e propoñemos unha alternativa ecolóxica; substitutivos como limpadores multiusos, ambientadores, pasta de dentes, etc,

¿Cantos produtos precisamos para limpar as nosas casas?

XOGOS DO LIXO 5

Dirixida ás crianzas. Trátanse as 3 Rs mediante diferentes xogos onde se pretende que as nenas e nenos pasen un momento agradable e aprendan ao mesmo tempo. Para iso xogan cuns brinquedos feitos con material de refugallo participando na "Olimpiada do lixo" ou no "Xogo de separación".

¿Quen será o/a mellor reciclando?




ANÁLISE DA BOLSA DE LIXO

6

Esta actividade é un obradoiro no que se analiza o contido dunha bolsa de lixo.

O obxectivo deste obradoiro é tomar consciencia do lixo que producimos e a tipoloxía, a importancia de reducir e como facer unha boa separación en orixe.

¿Como tiramos o lixo?



7

CONSTRUCCIÓN DUN COMPOSTEIRO

Facemos un composteiro con material reciclado para xestionar os residuos orgánicos do centro de ensino, asociación horta comunitaria...

Tamén explicamos o seu funcionamento

A que esperas para compostar?

8 COMPOSTAXE

Dirixido a agrupacións ou centros que xa posúen un composteiro. Servirá para comprobar o correcto funcionamento do mesmo. Poderán realizarse diferentes actividades como comprobación de temperatura, humidade, presenza de impropios, identificación de descompoñedores.

¡Descobre o que aconteceu no teu composteiro!



9

RESIDUOS E CONSUMO

Actividade enfocada na relación entre a produción de residuos e unha cultura cada vez máis consumista. No obradoiro fálase do consumo relacionado cos noso hábitos diarios, temos dúas opcións:

- O xogo "A nosa compra" (resaltando a importancia dun consumo moderado).
- Vídeo fórum sobre a temática do consumo e o lixo.

¿Serás capaz de mudar os teus hábitos?




AMBIENTALIZACIÓN DE FESTAS 10

Trátase de minimizar e separar os residuos durante as festas traballando conxuntamente cos colectivos locais e os concellos.

Constará de 4 sesións:

- 2 sesións de traballo coa Comisión onde levar a cabo as tarefas de elaboración do materias e a xestión da eliminación dos plásticos.
- 1 sesión previa á data sinalada, na que se procederá á colocación dos contenedores e dos caracteres informativos.
- 1 sesión na xornada posterior á festa para a valoración do lixo separado.

¡Divertirse e axudar o medioambiente va ligados!




11

RESÍDUOS NA AUGA

Actividade enfocada no impacto de algúns residuos no nosa auga, neste caso, das paniños húmidos.

O que faremos sera ver co alumnado cuidadosamente a composición e indicacións que veñen no paquete que atopamos normalmente na casa.

Despois experimentaremos coa degradación de diferentes materiais na auga, e falaremos desta problemática nas depuradoras, tuberías e ríos.



COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL
SERRA DO BARBANZA




VISITA A PLANTA DE LOUSAME 12

O programa "O lixo desde o teu Concello" permite tamén coñecer o tratamento do lixo máis preto grazas ás visitas guiadas na planta de Lousame.

Calquera persoa ou entidade (asociación, concellos, centro de ensino...) poderá coñecer as instalación e o tratamento dos residuos.

Esta actividade é para alumnado a partir de 3º da ESO.



Solicitude de visitas á planta:

Lugar da Poza, Servia
15212 – Lousame
A Coruña
981191240
www.cmserradobarbanza.gal/contacta-visitas-guiadas/



Solicitude de obradoiros:

ADEGA
Avenida Castelao 20, baixo
15704 – Santiago de
Compostela
981570099
itziar@adega.gal



COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL
SERRA DO BARBANZA

